



CONCELLO DE REDONDELA

3/17

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE QUINTELA
8 DE NOVEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Dar conta das obras realizadas cos orzamentos participativos ano 2017
3. Rogos e preguntas

ASISTENTES

Presidenta: M^a José Barciela Barros

Como representantes das asociacións de veciños:

- Eloy Quiñones Guisande

Como representantes da Comunidade de Montes:

- M^a José Fabre Fervenza
- Generosa Leirós Barreiro

Como representantes da ANPA

- Lorena Rodríguez Vilaboa
- Beatriz López Alonso

Excusa a súa ausencia José Luis Villaverde Campo, representante do grupo municipal do Partido Popular.

Non asisten nin excusan a súa ausencia: os representantes dos grupos municipais: Eduardo Reguera Ocampo (PSdeG-PSOE), Jorge Varela Couñago (AER) e Xoan Carlos González Campos (BNG); os representantes da comunidade de augas: Francisco Javier Sánchez Martínez e Bernardo Casas Montero, nin o representante da asociación de veciños Claudino Rodríguez Gómez.

Secretaria: Manuela Docampo Pintos

No CEIP de Quintela, a oito de novembro de dous mil dezasete, previa convocatoria reuníronse os/as membros arriba nomeados do Consello Parroquial de Quintela baixo a presidencia da Sra. Barciela Barros, por delegación do Sr. alcalde e asistidos de min, a secretaria do consello, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria convocada para o día de hoxe.

Dado que á hora da xuntanza 20:30 horas non se puido constituir o Pleno do Consello pola falla de quorum (metade do número legal de membros do mesmo), de acordo co indicado no Regulamento dos Consellos Municipais Territoriais, Consellos Municipais



CONCELLO DE REDONDELA

Parroquiais publicado no BOP núm. 43 do 12/06/2000 quedou automaticamente convocada para media hora despois sendo preciso para a súa válida constitución a presenza dun tercio do número legal dos seus membros.

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión as vinte e unha horas, pasándose a tratar a orde do día.

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.

A presidenta dá conta da acta da xuntanza ordinaria deste consello parroquial do 9 de maio de 2017 e sometida a votación, apróbese a mesma pola maioría dos membros asistentes, coa abstención das representantes da ANPA, Lorena Rodríguez Vilaboa e Beatriz López Alonso por non ter asistido a dita xuntanza.

2.- Dar conta das obras realizadas cos orzamentos participativos ano 2017

A presidenta comunica aos membros do consello parroquial que a **construción do muro de mampostería a altura do nº 65 do camiño de San Mamede, por debaixo do Colexio de Quintela** xa está realizado e rematado, indica que este se podería prolongar xa que o veciño seguinte tamén estaría disposto a ceder a cambio da construción do muro e que se se quixese seguir con máis construcións xa se entraría na parroquia de Saxamonde e que polo tanto xa lle correpondería ao consello parroquial de Saxamonde.

Indica así mesmo que dos orzamentos participativos do ano 2017 quedan pendentes a realización dos **2 lombos para obrigar a reducir a velocidade de vehículos no camiño da Antiga Vía do Tren desde o Bar Villaverde ata a ponte do ferrocarril**.

Segue informando que se reparou unha fonte máis en Quintela, a Fonte do Muíño do Porto.

O Sr. Quiñones Guisande dille que esa fonte era para denominarse As Ánimas.

A Sra. Leirós Barreiro pregunta cada canto tempo se analizan as fontes.

A presidente contesta que por norma xeral cada 6 meses.

3.- Rogos e preguntas.-

A Sra. Fabre di que na Fonte do Muíño do Porto conviría pechar a saída de auga para subir o seu nivel.

O Sr. Quiñones Guisande pregunta polo camiño dos Campos, se se chegou a algún acordo co Sr. Villaverde e co xenro do Sr. Santos.



CONCELLO DE REDONDELA

A presidenta respóndelle que ten o proxecto técnico redactado pero hai un veciño que pide que o Concello lle constrúa un muro de contención dentro do eido e iso non procede.

O Sr. Quiñones Guisande di que esta persoa non ten en conta que os beneficiarios do arranxo do camiño serían él e o seu veciño.

A presidenta contesta que se perdeu tempo e diñeiro na redacción do proxecto.

A Sra. Rodríguez Vilaboa pide que se acondicione a subida ao colexio facendo unha beirarrúa, xa que entre os nenos que suben a pé, os autobuses e os vehículos particulares, hai perigo para os nenos/as e as persoas que os acompañan ao colexio.

A presidenta contesta que si que ten perigo pero que iso pasa tamén noutros colexios, que si se poñen dúas beirarrúas aínda queda máis reducido o espazo para os vehículos.

A Sra. López Alonso dille que si que non hai espazo pero que se podería facer unha sóa beirarrúa.

As Sras. Fabre Fervenza e Leirós Barreiro consideran que o problema que xurde na subida ao colexio se solucionaría, como xa se ten dito moitas veces neste consello, abrindo o camiño Vello da Coutada.

A presidenta afirma que está de acordo, pero que non se pode abrir ese camiño porque o veciño da granxa non cede o terreo necesario e iso que se lle ofreceu pecharlle o eido.

A Sra. Fabre Fervenza continúa dicindo que ademáis de que facilitaría o acceso ao colexio, é un camiño que resulta perigoso xa que baixa gravilla e se teñen producido accidentes por esa causa.

A presidenta comenta ao respecto que este veciño está disposto a ceder o terreo pero só o que dá á parte de arriba pero que así é inviable.

O Sr. Quiñones Guisande comenta que en realidade o que quere este señor e que se lle faga o muro ata arriba.

A Sra. Leirós Barreiro pregunta se se lle podería expropiar.

A presidenta contesta que o vai consultar co secretario xeral do Concello.

A Sra. Rodríguez Vilaboa comenta que coa apertura deste camiño os autobuses chegarían a unha explanada e a subida ao colexio quedaría mais despexada.

A Sra. Rodríguez Vilaboa pregunta pola limpeza da maleza do colexio, quere saber o límite do colexio.

A presidenta contéstalle que da rede para dentro é responsabilidade do colexio.



CONCELLO DE REDONDELA

A Sra. Rodríguez Vilaboa pregunta por cal das redes, xa que hai dúas.

A presidenta dille que da última.

A Sra. Rodríguez Vilaboa contéstalle que é inviable para o colexio asumir a limpeza da maleza, xa que cun orzamento de 13000 € se destinan á calefacción uns 8000€ .

A Sra. Leirós Barreiro dille que foi unha cesión que a Comunidade de Montes fixo ao Concello para a construción do colexio.

A Sra. Rodríguez Vilaboa comenta que esa é unha parte que os rapaces non utilizan.

A Sra. Leirós Barreiro explica que elas (as repres. da Comunidade de Montes) xa estiveron reunidas coa directora do colexio, que as chamou para que a comunidade limpase pero que lle ensinaron o peche.

A Sra. Fabre Fervenza considera que o problema é que o colexio está no monte.

A Sra. Rodríguez Vilaboa pide que se repoña unha luz fundida que se atopa nunha farola pública que está no recinto escolar e pregunta se se podería solicitar ao Concello a colocación de randeiras para o colexio, aínda que sexa algún que se retire doutro sitio e que estea en bo estado.

A presidenta contéstalle que non, que o concello non coloca randeiras nos colexios e que os que se retiran, tampouco se poderían colocar xa que é porque están en mal estado.

A Sra. Rodríguez Vilaboa suxire que se estes non se poden colocar no recinto escolar que se coloquen entón na explanada.

A presidenta di que hai colexios que teñen randeiras para os máis pequerrechos, que habería que solicitalos na concellería de Ensino, pero que o Concello non coloca randeiras para os nenos de máis idade e que ademais non hai en ningún colexio.

A Sra. Rodríguez Vilaboa pregunta se son os de plástico que se ven nalgún colexio.

A presidenta contestalle que si.

A Sra. Rodríguez Vilaboa pregunta se hai posibilidade de que se reparen dúas mesas de madeira que están no patio de infantil.

A presidenta preguntalle se son destas que teñen os asentos acoplados.

A Sra. Rodríguez Vilaboa contéstalle que si .

A Sra. Fabre Fervenza pregunta que pasou co camiño das Fontes que sae nos Frades, expón que o Sr. Moncho está disposto a ceder pero que falta que ceda tamén outro veciño.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Quiñones Guisande aclara ao respecto que se o Sr. Moncho cedera mais terreo, xa non faría falla que ceda a Sra. Enriqueta.

A Sra. Fabre Fervenza pregunta a presidenta se o camiño non se podería asfaltar tal e como está.

A presidenta contéstalle que son necesarias as cesións, xa que sen estas non pasarían os coches.

O Sr. Quiñones Guisande pregunta polo camiño da Faxina.

A presidenta contesta que é imposible arranxar ese camiño, que xa foi por alí e que os veciños non están dispostos a ceder.

A Sra. Leirós Barreiro comenta que para os orzamentos participativos do ano 2018, se se podería incluír que se continúe coa construción do muro do colexio na parte correspondente a Quintela e que tamén se podería adoptar un acordo deste consello parroquial co fin de remitilo ao de Saxamonde, no que se suxira a continuación de dito muro na súa parroquia.

A Sra. Leiros Barreiro pide tamén que se arranxe un burato no camiño da Fonte do Verdeal.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e 45 minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello, DOU FE.



CONCELLO DE REDONDELA

O Consello Parroquial de Quintela, na súa xuntanza ordinaria celebrada o 20.02.2018 acordou, entre outros, o seguinte asunto:

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.

A presidenta dá conta da acta da xuntanza ordinaria deste consello parroquial do 8 de novembro de 2017 e sometida a votación, apróbase a mesma pola maioría dos membros asistentes, coa abstención dos representantes dos grupos políticos: Eduardo Reguera Ocampo e Xoan Carlos González Campo, por non ter asistido a dita xuntanza, así como a dos novos membros do consello: Carlos Cabaleiro Soutullo, Candido Vallejo Gómez e Luis Veiga Crespo.

Documento asinado electronicamente á marxe pola secretaria do consello parroquial.